



**ACTA XUNTA DE GOBERNO**  
**SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E CINCO DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS**  
**(ACTA NÚMERO 07)**

**Presidente:**

D. José Tomé Roca

**Sres. Deputados:**

D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

D<sup>a</sup>. Mónica Freire Rancaño

**Secretario:**

D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e cinco de febreiro de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación

Actúa de Secretario D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste Sr. Deputado D. Roberto Fernández Rico.

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZAOITO DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezaeito de febreiro de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

### **2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DAS PRESTACIÓNS A PERSOAS MAIORES NOS CENTROS DE ATENCIÓN MAIORES DE TRABADA E RIBADEO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación das prestacións a persoas maiores nos centros de atención maiores de Trabada e Ribadeo, consta no mesmo:

Providencia de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV7C6SXD3IEPZ6WSCB5NL5PVEY<sup>1</sup>.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7C6GS2JUPPJCFNUZXBLZLHCA.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7C6KS5JIFZTKW5W5FDCE7HMA.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7C6KRLNQBDKTN37UPU6IHPMY.

---

<sup>1</sup>Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV:  
IV7C6OCKDMNL5PBC5UANG3RQIM.

Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV:  
IV7C6OC3IFZM7DEJY5HE6QTGF4.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV:  
IV7C6OADBNRK3LJ32NGTGZCHGU.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a contratación das prestacións a persoas maiores nos centros de atención maiores de Trabada e Ribadeo, expediente 2022/CON\_02/000012, con duración desde o 21.06.2022 (inicio previsto) ata o 20.06.2023, ambos incluídos, mais 3 posibles prórrogas (1 [21.06.2023 ata o 20.06.2024]+1 [21.06.2024 ata o 20.06.2025]+ ata 12 meses mais [21.06.2025 ata o 20.06.2026]) e como máximo ata o 20.06.2026, data na que remata a vixencia dos convenios, xa que o contrato está vinculado directamente co compromiso establecido polos convenios marcos e específicos entre a Deputación de Lugo e os Concellos.

**2º.-** Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

**3º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do

mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 1.465.615,38 €, ao que se aplicará un IVE do 4%, 58.624,62 €, o que fai un total de 1.524.240,00 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.

O importe do contrato ascende a 1.524.240,00 €, IVE engadido, e financiase de acordo as seguintes anualidades:

CENTRO	APLICACIÓN	TOTAL	2022	RC/22	2023	RC/23
CAM TRBADA, LOTE 1	2315.22799	683.280,00	363.168,00	220219/854	320.112,00	220219/858
CAM RIBADEO, LOTE II	2315.22799	840.960,00	446.976,00	220219/903	393.984,00	220219/907
SUMAS		1.524.240,00	810.144,00		714.096,00	

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2022, polo importe relacionado, para a anualidade 2022.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2023 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS NOS CENTROS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE TRABADA, POL, A FONSGRADA, CASTROVERDE, PEDRAFITA DO CEBREIRO E MEIRA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“Aos efectos de aprobación do expediente da Contratación do servizo de mantemento integral das instalacións de protección contra incendios nos Centros de Atención ás Persoas Maiores de Trabada, Pol, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro e Meira.. 2022/CON\_02/000013, consta no mesmo:

Providencia de inicio e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7C6DC3ADV7VLNC2ZPRKJKTC4.

Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7C6SKIHDUT7TU7AV4W4NDEA4.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7C6DCCFJZ67WHM6RQUK52RI4.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7C6OD2JN75LSH46YUHE3YDEE.

Informe xurídico, asinado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretario Xeral, con CSV: IV7C6OD3HDRKJHEJAR7RKY2CN4.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7C6IJ2JT5L7SOLSPXCKBPFA4.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a Contratación do servizo de mantemento integral das instalacións de protección contra incendios nos Centros de Atención ás Persoas Maiores de Trabada, Pol, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro e Meira. 2022/CON\_02/000013, con unha duración de un ano.

**2º.-** Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, así como o/s criterio/s que se recolle/n para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado “sumario”, dado o importe da licitación, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 48.612,50 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 10.208,63 €, o que fai un total de 58.821,13 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.

O importe total do contrato ascende a 58.821,13 €, IVE incluído, e finánciase conforme as seguintes anualidades:

CENTRO	IMPORTE	APLICACIÓN	2022	RC/22	2023	RC/23
CAM TRABADA	9.458,57	2315.212	8.741,04	22022/4258	717,53	220229/42
CAM POL	10.664,95	2315.212	9.910,51	22022/4260	754,44	220229/44
CAM FONSAGRADA	15.136,50	2315.212	14.337,90	22022/4262	798,60	220229/46
CAM PEDRAFITA	10.609,89	2315.212	9.759,86	22022/4264	850,03	220229/48
CAN MEIRA	4.458,86	2315.212	3.672,96	22022/4266	785,90	220229/50
CAN CASTROVERDE	8.492,36	2315.212	7.776,04	22022/4269	716,32	220229/52
SUMA	58.821,13		54.198,31		4.622,82	

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2022, polo importe relacionado, para a anualidade 2022. A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2023 a cantidade indicada nas aplicación sinalada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



**4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO E REPARACIÓNS DOS CAMIÓN DO PARQUE MÓBIL PROVINCIAL.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de Contratación dos servizos de mantemento e reparacións dos camiões do parque móbil provincial, consta no mesmo:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7C4AI6DQP4THM33XWEGBP64Q.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7C4AI7LA7D7ZJSC4PXKUTBBY.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7C5S2PNDX5TPGJYFUVEL2WGL.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7C6OCPFVM7STVYQTXWIEKAME.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral con CSV: IV7C6GR2OEV3ZHPI4YWECURW64.

Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Declarar deserta a contratación do servizo de mantemento e reparación dos camiões, vehículos especiais e maquinaria do Parque Móbil Provincial, aprobada por Acordo da Xunta de Goberno do día 23 de xullo de 2021, por non concorrer á licitación ningún candidato.

**2º.-** Aprobado a contratación dos servizos de mantemento e reparacións dos camiões do Parque Móbil Provincial

**3º.-** Aprobado o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado

no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, así como o criterio que se recolle para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

4º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado “sumario”, dado o importe da licitación, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)).

5º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 19.834,71 €, aos que se aplicará un IVE do 21%, 4.165,29 €, o que fai un total de 24.000,00 €. O gasto financiaráse, segundo consta no informe de consignación da Intervención, de acordo coas seguintes anualidades:

ANUALIDADE	APLICACION	IMPORTE	RC
2022	9201.214	20.000,00	22022/3937
2023	9201.214	4.000,00	220229/39
SUMA		24.000,00	

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2022, polo importe relacionado, para a anualidade 2022.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2023 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.

Os gastos plurianuais está sometidos ás limitacións establecidas no art. 174 do R.D. lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das





Facendas Locais e 79 a 88 do Decreto 500/1990 de 20 de abril, e regúlanse na base nº 19 de execución do Orzamento xeral vixente”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PNEUMÁTICOS PARA OS VEHÍCULOS E MAQUINARIA DO PARQUE MÓBIL PROVINCIAL E DA GRANXA PROVINCIAL.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 15 de febreiro de 2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Proposta de inicio de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7F3WIYDD7TYS7ZUMMVOERFMA.

Consignación orzamentaria, con CSV: IV7FEYJTLZ6433PT2YVEKQHE6Q.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7FE7KYZVWMR6MY5QOGEVBRIU.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7FE7SCCD56XKMJQQNCEUYU6U.

Informe xurídico asinado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7FE7S3EAPZ7CX3AX4EH5QHII.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7FEDBT3QX63C5N7VVSMZXW5Y.

Acordo da Xunta de Goberno de data 03 de decembro de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7FGSY7ZVVDLGH3BR4TMP3W6E.

Anuncio de licitación, publicado na plataforma de contratación do sector público o día 03 de decembro de 2021.

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, do día 22 de decembro de 2021, con CSV: IV7CU3QKB5N4RD5CSNMVIVBBN4.

“En primeiro lugar, Pola Presidencia dáse conta aos asistentes de que no servizo de contratación na data de hoxe, e con carácter previo á constitución da mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres A de documentación administrativa das empresas que se relacionan acto seguido, unha vez comprobado que ditas proposicións foron presentadas dentro do prazo:

DOCANDO TEIJEIRO IGNACIO
EUROMASTER AUTOMOCIÓN Y SERVICIOS SAU
MARTINEZ DE LUGO SLU
RODI GALICIA SL

Dada conta, ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, procédese ao estudo da documentación administrativa presentada cos seguintes resultados:

As empresas Ignacio Docando Teijeiro, Martínez de Lugo S.L.U., presentan o Anexo I, de conformidade co recollido nos PCAP.

A empresa Euromáster Automoción y Servicios S.A., declara que se atopa en algún dos supostos recollidos no artigo 42 do código de comercio, ao pertencer a grupo de empresas coa sociedade Rodi, engadindo que non obstante, en relación a esta licitación non se presenta ningunha empresa das que forman grupo, segundo o artigo 42 do CC. Considerando que á licitación de referencia se presenta a empresa Rodi Galicia S.A.

A mesa de contratación acorda requirir á empresa Euromáster Automoción y Servicios S.A. e Rodi Galicia S.A., para que no prazo de tres días hábiles, presenten, a través da plataforma de



contratación do sector público, aclaracións sobre se pertencen ao mesmo grupo empresarial, aos efectos do establecido no artigo 42 do CC.

A mesa de contratación acorda adiar a apertura dos sobre B.”

Requirimento de aclaración de documentación, cursado a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, o día 03 de xaneiro de 2022.

Aclaracións presentadas a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, o día 04 e 05 de xaneiro de 2022.

Acta da mesa de contratación, do día 13 de xaneiro de 2022, con CSV: IV7CQXTLB4XPRBB7WPUSKJHVGA, na que se recolle o seguinte:

“En primeiro lugar dáse conta aos asistentes de que tanto a empresa Euromáster Automoción y Servicios S.A. como a empresa Rodi Galicia S.A., presentan en tempo e forma declaración responsable na que se recolle que non pertencen ao mesmo grupo empresarial.

A continuación procédese á apertura en acto público, a través da retransmisión en streaming, dos sobres B, relativos aos criterios de adjudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, cos seguintes resultados:

LICITADORES	DESCONTO OFERTADO	PUNTUACIÓN CRITERIO PREZO	PRAZO OFERTADO	PUNTUACIÓN CRITERIO PRAZO
DOCANDO TEIJEIRO IGNACIO	33,50%	76,83	24	5,00
EUROMASTER AUTOMOCIÓN Y SERVICIOS SAU	41,42%	95,00	24	5,00
MARTINEZ DE LUGO SLU	25,00%	57,34	24	5,00
RODI GALICIA SL	29,00%	66,51	24	5,00

Acto seguido realizouse o cálculo para identificar a existencia de posibles baixas desproporcionadas ou anormais, constatando que ningunha das propostas presenta valores anormalmente baixos.

Polo que vai dito, a mesa de contratación acorda solicitar ao Parque Móbil informe técnico sobre as tarifas achegadas, facultando ao Servizo de Contratación e fomento para que propoña á

Presidencia -previa emisión de informe favorable do Parque Móbil- que adopte a seguinte Resolución:

Clasificar aos licitadores, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADOR	NOTAS PREZO	NOTAS PRAZO	NOTAS TOTAIS
1	EUROMASTER AUTOMOCIÓN Y SERVICIOS SAU	95,00	5,00	100,00
2	DOCANDO TEJEIRO IGNACIO	76,83	5,00	81,83
3	RODI GALICIA SL	66,51	5,00	71,51
4	MARTINEZ DE LUGO SLU	57,34	5,00	62,34

Requirir a Euromáster Automoción y Servicios S.L.U. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a efectiva disposición dos medios que se tivese comprometido a adscribir á execución do contrato e a constitución da garantía definitiva por importe de 1.800,00 euros, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade (...).”

Resolución da Presidencia do día 25 de xaneiro de 2022, con CSV: IV7CSWKLHYVMLXJMSNPFANKU4Y, pola que se acepta a proposta da mesa de contratación e se procede á clasificación dos licitadores e se insta ó requirimento da documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP ao licitador mellor clasificado.

Consta no expediente requirimento de documentación administrativa, cursado polo Servizo de Contratación e Fomento a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 26 de xaneiro de 2022.



Documentación administrativa presentada a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 02 de febreiro de 2022.

No tocante á representación do asinante da oferta, a licitadora achega DNI do apoderado e escritura de outorgamento de poderes, outorgada ante o Notario do Ilustre Colexio de Madrid, baixo o número 783 de protocolo. A mesa de contratación faculta ao servizo de contratación e fomento para solicitar de oficio bastanteo de poder á Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo, e proceder á incorporación deste ao expediente.

O resto de documentación é correcta, incorporándose ao expediente: consulta de inscrición da sociedade no Rexistro Mercantil, certificación positiva do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo e Carta de Pago da garantía emitida pola Tesourería Provincial.

Polo que vai dito, a mesa de contratación acorda que - unha vez verificada polo Servizo de Contratación e Fomento a incorporación ao expediente do bastanteo de poder - se eleve ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Adxudicar á empresa Euromáster Automoción y Servicios S.A.U., con CIF A41014523, a contratación da subministración de pneumáticos para os vehículos e maquinaria do Parque Móbil Provincial e da Granxa Provincial, por importe de 36.000,00 €, aos que se aplicará un IVE do 21%, 7.560,00 €, o que fai un total de 43.560,00 €; ofertando unha porcentaxe de baixada sobre as tarifas do fabricante dun 41,42% e comprometéndose a subministrar os pneumáticos requiridos no prazo máximo de 24 horas.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao Servizo de Intervención para que proceda á fiscalización previa á adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar á empresa Euromáster Automoción y Servicios S.A.U., con CIF A41014523, a contratación da subministración de pneumáticos para os vehículos e maquinaria do

Parque Móbil Provincial e da Granxa Provincial, por importe de 36.000,00 €, aos que se aplicará un IVE do 21%, 7.560,00 €, o que fai un total de 43.560,00 €; ofertando unha porcentaxe de baixada sobre as tarifas do fabricante dun 41,42% e comprometéndose a subministrar os pneumáticos requiridos no prazo máximo de 24 horas.

O importe do contrato financiaráse acorde o seguinte detalle:

CENTRO	APLICACION	TOTAL	IMPORTE 2022	IMPORTE 2023
PARQUE MOBIL	9201.22111	36.300,00	30.250,00	6.050,00
GRANXA (6.000,00€ mais o IVE deducible 1.260,00€)	4120.22111	7.260,00	6.050,00	1.210,00
SUMA		43.560,00	36.300,00	7.260,00

Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2022, pola cantidade de 36.300,00 €, para a anualidade 2022.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2023 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.

**2º.-** A duración deste contrato é de un ano, prorrogable anualmente, sen que a duración total, incluída a prórroga, poida exceder de tres anos. O prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da subscrición da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato, salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

**3º.-** Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

**4º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.



5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbera interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DE DIVERSAS OBRAS DO PLAN ÚNICO 2021.**

*Primeiro.- Escrito do Concello de Muras, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento 165-167 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Muras, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (165-167) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12/01/2021.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma

finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/ actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 30/03/2021, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Muras presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:





CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
MURAS	165	ACTUACIÓNS EN ACCESOS A VIVENDAS E CAMIÑOS PÚBLICOS: CARRACEDO, PENEDOS LONGOS, PERROS, INVERNÉS, RESTREBADA, FORCOS, CARBALLÁS, BAXIÁN, SILÁN, VILARIÑO, PALEIRA, CURRALVELLO, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	15.582,38 €
MURAS	167	SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS E MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO EDIFICIO DO CONCELLO	9200.76201	496,10 €

Por escrito de data 16/02/2022 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
MURAS	REM	MELLORA DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE IRIXOA E MURAS	1531.76201	---	15.582,38€	15.582,38€
MURAS	REM	ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA REMOLQUE (LONA)	9200.76201	---	122,21€	122,21€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2021, “...Os investimentos/ actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

#### Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Muras, no Plan Único 2021.”

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Muras e incluír no PUC/21, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
MURAS	REM	MELLORA DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE IRIXOA E MURAS	1531.76201	---	15.582,38€	15.582,38€
MURAS	REM	ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA REMOLQUE (LONA)	9200.76201	---	122,21€	122,21€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo.-** *Escrito do Concello de O Saviñao, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento 298 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de O Saviñao, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (298) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12/01/2021.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo



programa de gasto que o investimento/ actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 30/03/2021, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de O Saviñao presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
O SAVIÑO	298	MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN CIMADEVILA, A POUSADA, MOURELOS, VILASECO, ORXAÍNZA, SOUCEDA, OUSENDE E PIÑEIRO, INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	8.430,94€

Por escrito de data 16/02/2022 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
O SAVIÑO	REM	SUBMINISTRO DE FORMIGÓN PARA ADECUACIÓN DE ESTRADAS: CAMPO FESTA –XIXIRIZ, CAMIÑOS EN XIXIRIZ, RIBEIRA-A BROZA E A COVA	1531.76201	---	8.402,24€	8.402,24€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2021, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

#### Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de O Saviño, no Plan Único 2021.”

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de O Saviño e incluír no PUC/21, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:



CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTIMENTO
O SAVIÑO	REM	SUBMINISTRO DE FORMIGÓN PARA ADECUACIÓN DE ESTRADAS: CAMPO FESTA –XIXIRIZ, CAMIÑOS EN XIXIRIZ, RIBEIRA-A BROZA E A COVA	1531.76201	---	8.402,24€	8.402,24€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Terceiro.-** *Escrito do Concello de Taboada, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento 304 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Taboada, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (304) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12/01/2021.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 30/03/2021, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Taboada presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
TABOADA	304	PAVIMENTACIÓN DOS ACCESOS EN FRIAMONDE, SANTA EULALIA, XIÁN, XAMOGO, GULFAR, SOBRECEDE DE ABAIXO, ACCESO NA RIBERIA, MONTECELOS, CAL DE MOURELLE, ZOÁS E PLAZA DO CONCELLO	1531.76201	28.060,00€



Por escrito de data 16/02/2022 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
TABOADA	REM	PAVIMENTACIÓN DOS ACCESOS EN POUSADOIRO, CASTELO, BOUZOA DE ARRIBA E BOUZOA DE ABAIXO	1531.76201	--	28.060,00€	28.060,00€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2021, “...Os investimentos/ actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

#### Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Taboada, no Plan Único 2021.”

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Taboada e incluír no PUC/21, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
TABOADA	REM	PAVIMENTACIÓN DOS ACCESOS EN POUSADOIRO, CASTELO, BOUZOA DE ARRIBA E BOUZOA DE ABAIXO	1531.76201	--	28.060,00€	28.060,00€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN AO INICIO DE DIVERSOS EXPEDIENTES DE REINTEGRO DA AXUDA PROVINCIAL, PARA INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO 2019.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento que se refiére ao investimento do Concello de Antas de Ulla indicado a continuación e que dispón o seguinte:

Nº	Denominación
12	Renovación de instalacións de iluminación exterior en Antas de Ulla en San Mamede – Agüela – Alvidrón – Portocarreiro – Feás – Alvidrón – Mancegar – Pereiras – Casilmoure – Ribó – Caira – Amoexa – Outeiro de Amoexa – Funsín – Randulfe – Arcos – Veloín – Pumar – Cabo de Arcos – Nugallás – A Fraga – Río – A Somoza – Castro – Santa Cristina – Medeiro – Barreiro – Outeiro de Donas – Fondevila de Suar – Aboi – Suar – Santa María – Casadenaia – Cebreiro – Bertosende – A Cervela – Quintela, incluído honorarios

“Con data 14/06/2021, dende o Servizo de Contratación e Fomento, Unidade de Obras e Plans emítase o seguinte informe:

“O Concello de Antas de Ulla rende conta xustificativa relativa ao investimento indicado, contido no PUCC19 e en relación co mesmo infórmase o seguinte:

Nº	Denominación
12	Renovación de instalacións de iluminación exterior en Antas de Ulla en San Mamede – Agüela – Alvidrón – Portocarreiro – Feás – Alvidrón – Mancegar – Pereiras – Casilmoure – Ribó – Caira – Amoexa – Outeiro de Amoexa – Funsín – Randulfe – Arcos – Veloín – Pumar – Cabo de Arcos – Nugallás – A Fraga – Río – A Somoza – Castro – Santa Cristina – Medeiro – Barreiro – Outeiro de Donas – Fondevila de Suar – Aboi – Suar – Santa María – Casadenaia – Cebreiro – Bertosende – A Cervela – Quintela, incluído honorarios

Antecedentes:





O PUCC19 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada o 21/05/2019 e nel figura incluído o investimento indicado.

A base 18ª BPUCC19 establece como data límite no prazo para adxudicar os investimentos o 31/10/2019. Documentando o cumprimento do dito prazo, o Concello de Antas de Ulla presentou o correspondente certificado do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración – Anexo III ou IV – no que se indica a baixa producida na licitación do investimento indicado.

A base 21ª.2 BPUCC19 quedou modificada, mediante acordo plenario, en sesión celebrada con data 29/09/2020, establecéndose que os investimentos deben estar terminados na data límite do 31/10/2020 e a documentación xustificativa da súa execución debe remitirse á Deputación na data límite do 15/11/2020.

O Concello de Antas de Ulla, cos números e datas de RE que se indican, rende conta xustificativa que incorpora a documentación esixida na base 21ª BPUCC19, relativa ao investimento obxecto deste informe. A dita foi emendada polo concello con posterioridade.

Nº	Data
2021RT003428	07/04/2021
2021RT004169	27/04/2021
2021RT004722	10/05/2021
2021RT008021	11/06/2021

Aplicando a base 23ª BPUCC19: “Xestión do Plan Único”, apartado a. na que se establece que a xestión do PUCC19 no programa de investimentos corresponde ao Servizo de Contratación e Fomento. Unidade de Obras e Plans, dende este Servizo constátase que o concello non rende conta xustificativa, polo que de acordo co estipulado no artigo 73 LPAC, tramítase o oportuno requirimento. De acordo co estipulado no artigo 41.1 LPAC e tendo en conta que o interesado está obrigado a recibila por medios electrónicos, con data 10/03/2021ponse o dito requirimento a súa disposición na Sede electrónica da Deputación de Lugo. O Concello de Antas de Ulla, accede ao seu contido o día 12/03/2021, data na que se entende practicada a notificación, de acordo co artigo 43.2 LPAC. E con data 07/04/2021, o Concello de Antas de Ulla presenta conta xustificativa, que cabe admitir aínda que foi fora do prazo inicialmente previsto, porque a rende dentro do prazo

adicional de 15 días hábiles que se indica no requerimento, practicado seguindo o estipulado na Disposición Adicional Cuarta BPUCC19. Polo que, se pode afirmar que a presentación da conta xustificativa ten a consideración de presentación dentro do prazo adicional legalmente establecido.

O requirimento efectuado se fundamenta no disposto no artigo 73 LPAC:

“1. Los trámites que deban ser cumplimentados por los interesados deberán realizarse en el plazo de diez días a partir del siguiente al de la notificación del correspondiente acto, salvo en el caso de que en la norma correspondiente se fije plazo distinto. 2. En cualquier momento del procedimiento, cuando la Administración considere que alguno de los actos de los interesados no reúne los requisitos necesarios, lo pondrá en conocimiento de su autor, concediéndole un plazo de diez días para cumplimentarlo. 3. A los interesados que no cumplan lo dispuesto en los apartados anteriores, se les podrá declarar decaídos en su derecho al trámite correspondiente. No obstante, se admitirá la actuación del interesado y producirá sus efectos legales, si se produjera antes o dentro del día que se notifique la resolución en la que se tenga por transcurrido el plazo”. O prazo indicado no requerimento para a rendición da conta, é o estipulado na DA Cuarta BPUCC, de 15 días hábiles.

A presentación feita polo Concello de Antas de Ulla, o día 07/04/2021, na Sede electrónica da Deputación, é unha presentación fora de prazo, pero ao respecto é preciso ter en conta que aínda no caso de que se tivera producido a preclusión do trámite conferido en base ao art. 73 LPAC – o cal non sucedeu, elo non conlevaría a extinción ou perda do dereito ao cobro da axuda integrada no PUC19. Para o cal, de acordo co disposto no artigo 89 do RLXS, sería necesario seguir o procedemento previsto no artigo 42 da LXS.

De acordo coa base 14ª BPUCC19 procede aplicar por analogía e supletoriamente, a lexislación relativa a subvencións. Así o artigo 17 LSX establece que a norma reguladora das bases de concesión das subvencións concretará “...n) Criterios de graduación de los posibles incumplimientos de condiciones impuestas con motivo de la concesión de las subvenciones. Estos criterios resultarán de aplicación para determinar la cantidad que finalmente haya de percibir el beneficiario o, en su caso, el importe a reintegrar, y deberán responder al principio de proporcionalidad. (...)”. Así mesmo o artigo 37 LXS en referencia ás causas de reintegro incide



especialmente na aplicación de criterios de graduación e do propio principio de proporcionalidade ao establecer as causas de reintegro.

A LXS e o seu RLXS deixan en mans das normas que regulen as bases de concesión das subvencións a aplicación de criterios de proporcionalidade fronte a posibles incumprimentos das condicións das subvencións, así no caso do PUC19 e ante a ausencia do dito nas BPUCC19, é preciso acudir ás sentencias dos tribunais para a aplicación do principio de proporcionalidade, ben para entender cumprida a axuda integrada no plan porque o seu cumprimento se aproxima significativamente ao cumprimento total, ou a lo menos, para aceptar unha revocación parcial e proporcional ao cumprimento.

STSJ Madrid 3.06.2015 (Roj: TSJ M 8352/2015 “La Sala 3a del Tribunal Supremo ha examinado la aplicación del principio de proporcionalidad, que se contempla en el artículo 17.3.n) y 37 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre General de Subvenciones , a los procedimientos de reintegro de subvenciones, concluyendo que el mismo es plenamente aplicable y que no deben equipararse los retrasos de cierta levedad con el incumplimiento del fin de la subvención, por lo que a una y otro no pueden asignárseles las mismas consecuencias. Así lo hacen en la sentencia de la Sala Tercera del Tribunal Supremo de 6 de junio de 2007, a cuyo tenor” En todo caso, el principio de proporcionalidad (de matriz jurisprudencia) y ahora ya inserto en la Ley 38/2003, 17 de noviembre, General de Subvenciones, inaplicable al caso de autos *ratione temporis*) permite emplear ciertos criterios de graduación de los posibles incumplimientos de las condiciones impuestas al conceder las subvenciones. Casos como el presente, caracterizados por las circunstancias que acabamos de describir, en los que no existe un incumplimiento absoluto de la obligación de justificación, pueden no ser tratados del mismo modo que estos últimos. Si se trata de una justificación ligeramente tardía, resulta indiscutible la realización efectiva y material – y dentro de su plazo propio de las condiciones sustantivas y concurren las circunstancias excepcionales que ya hemos descrito, habrá que valorar la incidencia que aquella anomalía temporal supone en el conjunto de las relaciones Administración – beneficiario”.

En definitiva, os trámites para a xustificación da axuda aínda que realizados con demora, non deben impedir, en aplicación do principio de proporcionalidade que poda ser aprobada a conta xustificativa, tendo en conta que a conduta do beneficiario evidencia unha vontade de cumprimento

e porque a finalidade da axuda foi cumprida, mediante o acometimento do investimento. No presente suposto, pódese afirmar que a axuda concedida para “Renovación de instalacións de iluminación exterior en Antas de Ulla en San Mamede – Agüela – Alvidrón – Portocarreiro – Feás – Alvidrón – Mancegar – Pereiras – Casilmoure – Ribó – Caira – Amoexa – Outeiro de Amoexa – Funsín – Randulfe – Arcos – Veloín – Pumar – Cabo de Arcos – Nugallás – A Fraga – Río – A Somoza – Castro – Santa Cristina – Medeiro – Barreiro – Outerio de Donas – Fondevila de Suar – Aboi – Suar – Santa María – Casadenaia – Cebreiro – Bertosende – A Cervela – Quintela, incluído honorarios” foi destinada á execución íntegra da Fase Primeira do proxecto que no seu día foi aprobado, cuestión que é tratada con maior profundidade no punto 7 deste informe. Todas estas circunstancias, valoradas no seu conxunto, determinan que estemos ante un retraso na rendición da conta xustificativa, que non ten entidade suficiente para constituír un incumprimento grave que dé lugar á perda do dereito a percibir a axuda, toda vez que o concello rende conta no prazo adicional outorgado no requirimento practicado polo Servizo de Contratación e Fomento, Unidade de Obras e Plans. Aplicando os criterios de proporcionalidade ao presente caso, debe afirmarse que non cabe equiparar en canto ás consecuencias aplicables un retraso de certa levedade na demora do cumprimento dalgunha das condicións secundarias da axuda, co incumprimento mesmo do fin ao que foi condicionada.

O Servizo de Contratación e Fomento. Unidade de Obras e Plans, constata que a conta xustificativa que rende o concello contén erros emendables, polo que de acordo co estipulado no artigo 73.3 LPAC, tramítase o oportuno requirimento. Con data 13/04/2021 ponse a súa disposición na Sede electrónica da Deputación de Lugo. O Concello de Antas de Ulla, accede ao seu contido o día 14/04/2021, data na que se entende practicada a notificación, de acordo co artigo 43.2 LPAC. E con datas 27/04/2021, e 10/05/2021 o Concello de Antas de Ulla presenta a documentación necesaria para subsanar os erros contidos na conta xustificativa.

A base 21.2ª. BPUCC19 establece que “No caso de que as actuacións non puideran ser finalizadas na súa totalidade, a aportación desta Deputación poderá ser proporcional, sempre e cando dita actuación poida ser entregada ao uso público”.

Para solicitar a inclusión do investimento Nº 12 no PUC19 o Concello de Antas de Ulla achegou na Deputación proxecto, asinado dixitalmente con data 25/03/2019, polo técnico



competente, o dito no seu apartado “Memoria”, II Información Xeral, II.23. Previsión de Fases, indica o seguinte: “No se han previsto fases diferenciadas, por lo cual este proyecto se ejecutará de forma ininterrumpida desde el punto de vista temporal”.

Xunto coa conta xustificativa, o Concello de Antas de Ulla achega “Memoria de actuacións realizadas” debidamente asinada polo Alcalde con data 07/04/2021, e no seu apartado “Actuacións realizadas” indica: “Debido ás dificultades como consecuencia da declaración do estado de alarma en todo o territorio español (estado de alarma vixente a data actual), provocado pola situación de emerxencia sanitaria ocasionada pola Covid-19, executouse integramente a fase primeira do investimento, correspondente a Centros/Cadros de mando e protección e as liñas áreas que se substitúen, o que constitúe en si un conxunto en pleno funcionamento e operatividade, independente dos elementos pendentes de instalación en fases posteriores.”

Na Acta de recepción das obras, de data 04/03/2021, achegada polo concello indícase que: “La presente acta se realiza para la recepción parcial de las obras e instalaciones indicadas anteriormente, en la fase primera, correspondente a Centros/ Cadros de mando y protección y las líneas áreas que se sustituyen, lo que constituye un conjunto con pleno funcionamiento y operatividad, independientemente de los elementos pendientes de instalar en fases posteriores”.

No documento aportado polo concello, denominado: “Informe do enxeñeiro industrial”, que foi debidamente asinado por Alfonso Fernández Losada con data 26/04/2021, maniféstase que “La ejecución de la obra se realiza en dos fases diferenciadas debido a que, por la situación actual de pandemia, se producen problemas y retrasos en los suministros de luminarias.” “[... ] La ejecución se divide en dos fases, ambas totalmente funcionales, una consistente en el suministro e instalación de cuadros de mando y protección y otra en el suministro e instalación de luminarias y cableado aéreo, siendo los importes los siguientes,

	LICITACIÓN	ADJUDICACIÓN	
FASE I	41.118,15 €	40.749,69 €	22,765%
FASE II	139.500,39 €	138.250,32 €	77,235%
TOTAL	180.618,54 €	179.000,01 €	100 %

Do dito se deduce que o Concello de Antas de Ulla executa o investimento en fases diferenciadas, desdicindo o indicado no proxecto achegado para a súa aprobación e inclusión no PUCC19, ademais fundamentándonos na documentación aportada, obsérvase que o concello unicamente xustifica a execución íntegra da Fase I, aínda que manifesta que para cada unha das fases nas que se divide o proxecto resultan actuacións que poden ser entregadas ao uso público, polo que procede aplicar o estipulado na base 21.2ª BPUCC19, do que resulta que a aportación desta Deputación deberá ser proporcional.

En consecuencia pode afirmarse que as actuacións efectivamente executadas desde o concello son inferiores ao investimento aprobado Nº 12, xa que logo, a documentación xustificativa achegada refírese unicamente á Fase I, e polo tanto, debe procederse a determinar o importe da liquidación da axuda integrada no PUCC19 outorgada pola Deputación ao Concello de Antas de Ulla e así mesmo, proceder a unha actualización do seu cadro de financiamento:

Axuda outorgada no PUCC19:

	AXUDAS 3ºs	AXUDA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
PUCC19	155.723,63 €	38.930,91 €	194.654,54 €
ADXUDICACIÓN	154.428,81 €	38.607,20 €	193.036,01 €
XUSTIFICACIÓN	32.599,75 €	8.149,94 €	40.749,69 €

XUSTIFICACIÓN (20%) <sup>(1)</sup>	
40.749,69 €	8.149,94 €

<sup>(1)</sup> A porcentaxe do 20% aplicada, resulta da cantidade de axuda da Deputación que corresponde sobre o total investimento aprobado no PUCC19.

A base 2ª BPUCC19 indica: “No caso de que a Deputación tivese aboado o anticipo e o concello non executase ou xustificase a totalidade da cantidade ingresada por este concepto, o concello presentará documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04 – 2080 – 0163 – 8531 – 1000 – \*\*\*\*\*, practicada a liquidación de xuros de mora correspondentes. De non cumprirse esta obrigaçión, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada, e a esixencia dos xuros de mora correspondente dende o momento daquel pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro”.



A Deputación de Lugo abona ao Concello de Antas de Ulla en concepto de anticipo: 19.465,46 €, cantidade que resulta ser superior á efectivamente xustificada para a Fase I do investimento, unha vez aplicada a porcentaxe que representa sobre o total da actuación: 8.149,94 €, polo que se deriva un saldo a favor da Deputación de 11.315,52 €, que o Concello de Antas de Ulla debe reintegrar ao Organismo Provincial:

	IMPORTE
Total xustificado	40.749,69 €
Axuda proporcional que corresponde á Deputación (20%)	8.149,94 €
Fondos propios do Concello/ ou terceiros	32.599,75 €
Anticipo	19.465,46 €
A ingresar/ a devolver (Axuda proporcional Deputación – anticipo)	11.315,52 €

A xuízo da informante e á vista da documentación presentada para xustificar o investimento indicado, coas correccións que, de ser o caso procederan, consta realizada a actuación para os fins sinalados na solicitude e concesión da axuda integrada no Plan, así como a adecuación dos gastos realizados aos devanditos fins, polo que se estima correcta a documentación e procede, previos os demais trámites regulamentarios e informes correspondentes, a aprobación da conta xustificativa.

Tendo en conta o establecido no artigo 54.31 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP Núm. 202 de 3 de setembro de 2020, e en relación co establecido nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo 2019, na súa base 36ª: “Alcance da fiscalización de gastos e ingresos” (e por analogía na súa base 24ª: “Subvencións”) o Órgano competente para aprobar a xustificación e o pagamento é o Sr. Presidente a proposta do Delegado correspondente.

Conclusión.

En cumprimento co establecido nas BPUCC19, infórmase favorablemente:

Que se aprobe a conta xustificativa do investimento N° 12 do Concello de Antas de Ulla, incluído no PUCC19, por importe de 40.749,69 €, dos que 8.149,94 € corresponden á axuda da Deputación, e tense aboado anticipo por importe de 19.465,46 €.

Que se inicie o expediente de reintegro da axuda integrada no PUCC19, polo importe de 11.315,52 € máis os xuros de mora correspondentes, tendo en conta que foi aboado anticipo por 19.465,46 €.”.

Con data 12/08/2021 a Intervención Xeral emitiu informe de fiscalización limitada previa do expediente da dita conta xustificativa, cuxo resultado é de conformidade.

Con data 20/08/2021 a Presidencia da Deputación presta aprobación á seguinte Resolución:

“1.- Aprobar a conta xustificativa do investimento N° 12 do Concello de Antas de Ulla, incluído no PUCC19, por importe de 40.749,69 €, dos que 8.149,94 € corresponden á axuda da Deputación, e tense aboado anticipo por importe de 19.465,46 €.

2.- Resolver o inicio do expediente de reintegro da axuda integrada no PUCC19, polo importe de 11.315,52 € máis os xuros de mora correspondentes, tendo en conta que foi aboado anticipo por 19.465,46 €.”

Será competente para acordar o reintegro das cantidades percibidas polo beneficiario, así como a esixencia do xuro de mora devengado dende o momento do pago da axuda integrada no PUCC19, o órgano concedente da mesma, que aplicando o previsto na base 13ª BPUCC19 corresponde á Xunta de Goberno, para a aprobación dos investimentos financiados con cargo aos aforros ou baixas de licitación e por ende ao resto de investimentos incluídos no PUCC19.

En cumprimento co establecido nas BPUCC19, infórmase favorablemente:

Que se inicie o procedemento de reintegro da cantidade aboada en concepto de anticipo polo importe de 11.315,52 € máis os xuros de mora correspondentes ata a data do ingreso voluntario ou ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro.





Que se acorde a apertura do trámite de audiencia e que se notifique ao Concello de Antas de Ulla que dispón dun prazo de quince días a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste Acordo, para alegar e presentar os documentos que estime pertinente.

No suposto de que se opte polo ingreso da contía percibida en concepto de anticipo, o representante do concello deberá poñerse en contacto co Servizo de Contratación e Fomento, Unidade do Obras e Plans, para que se lle facilite a liquidación dos xuros de mora.”

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente ao indicado investimento e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Iniciar o procedemento de reintegro da cantidade aboada en concepto de anticipo polo importe de 11.315,52 € máis os xuros de mora correspondentes ata a data do ingreso voluntario ou ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro.

**2º.-** Acordar a apertura do trámite de audiencia e que se notifique ao Concello de Antas de Ulla que dispón dun prazo de quince días a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste Acordo, para alegar e presentar os documentos que estime pertinente.

**3º.-** Notificar ao Concello de Antas de Ulla, que no suposto de que se opte polo ingreso da contía percibida en concepto de anticipo, o representante do concello deberá poñerse en contacto co Servizo de Contratación e Fomento, Unidade do Obras e Plans, para que se lle facilite a liquidación dos xuros de mora.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN Á ACEPTACIÓN DE DIVERSAS RENUNCIAS Á AXUDA DE INVESTIMENTOS INCLÚIDOS NO PLAN ÚNICO 2020.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, Unidade de Obras e Plans, que se refire ao investimento do Concello de Guitiriz indicado a continuación e que dispón o seguinte:

NÚMERO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
R	REPARACIÓN DE CAMIÑO NO LUGAR DE O BARREIRO – LAGOSTELLE	884,50 €

“Antecedentes:

Visto o expediente de renuncia da axuda integrada no PUCC20 presentada polo Concello de Guitiriz, relativa ao/s investimento/s detallados no punto 2 deste informe e incluído/s no PUCC20, procede informar,

Consideracións xurídicas:

Na instrución do expediente determináronse como feitos probados que:

Na sesión extraordinaria do 02/04/2020 o Pleno provincial acordou a aprobación das BPUCC20, que foron publicadas no BOP N° 077 de data 03/04/2020. O Pleno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 28/07/2020, acordou prestar aprobación ao PUCC20.

A Xunta de Goberno da Deputación en sesión celebrada con data 18/06/2021 acorda aprobar a solicitude do Concello de Guitiriz para a aplicación de remanentes, resultando a inclusión no PUCC20 da seguinte:

NÚMERO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
R	REPARACIÓN DE CAMIÑO NO LUGAR DE O BARREIRO – LAGOSTELLE	884,50 €

Tendo en conta a documentación que obra no expediente, así como o indicado na Base 2 PUCC20, constátase que o Concello de Guitiriz non presentou solicitude de anticipo con dispensa de garantía, polo que a Deputación non abonou anticipo para este investimento.



A base 16.3 BPUCC20 indica como data límite no prazo para adxudicar os investimentos 30/11/2020. Así mesmo, a base 18.2 BPUCC20 dispón que: “Todos os investimentos deberán estar terminados na data límite do 30/09/2021 e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse á Deputación na data límite do 15/10/2021”.

Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Cuarta das BPUCC20, con data 05/11/2021 e Nº RS 2021RPS013677, o Servizo de Contratación e Fomento, Unidade de Obras e Plans require a dita conta xustificativa ao Concello de Guitiriz, para que no prazo improrrogable de 15 días renda a mesma, significándolle que a falta de presentación no dito prazo levará consigo a esixencia das responsabilidades establecidas na LXS.

Como consecuencia do requirimento practicado, indicado no punto anterior, con data 18/11/2021 e Nº RE 2021RT017656 o Concello de Guitiriz achega escrito de renuncia á axuda integrada no PUC20, manifestando que “Dito investimento, e por causas alleas ao Concello foi imposible lévalo a cabo cumprindo as condicións e prazos establecidos no Plan Unico de Cooperación 2020 polo que se desistiu de realizar dita obra”.

A base 19 BPUCC20 establece que “Os Concellos poderán renunciar ou desistir de executar calquera investimento, ou realizar calquera actuación, evento ou actividade, que será comunicado a esta Deputación e aprobado pola Xunta de Goberno.

No caso de que a Deputación tivese aboado anticipo, e o Concello renunciase, desistise ou non executase o investimento, actuación, evento ou actividade, dito Concello presentará documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-8531-1000-0423. Tamén procederá a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou ata a data na que o debedor ingrese o reintegro si e anterior a esta.”

O artigo 84.1 LPAC establece: “Porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade”.

Así mesmo o artigo 94 LPAC sinala que: “1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando isto non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

Se o escrito de iniciación foi formulado por dous ou máis interesados, a desistencia ou a renuncia só afectará aqueles que a formularon.

Tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.

A Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento salvo que, tendo comparecido nel terceiros interesados, estes instasen a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia.

Se a cuestión suscitada pola incoación do procedemento entraña interese xeral ou é conveniente tramitala para a súa definición e esclarecemento, a Administración poderá limitar os efectos da desistencia ou da renuncia ao interesado e seguirá o procedemento.”

Neste sentido o artigo 6.2 do Real Decreto de 24 de xullo de 1889, texto da edición do Código Civil mandada publicar en cumprimento da Lei de 26 de maio último, dispón que: “La exclusión voluntaria de la ley aplicable y la renuncia a los derechos en ella reconocidos solamente serán válidas cando no contraríen al interés o al orden público ni perjudiquen a terceiros”.

O escrito de solicitude de renuncia debidamente asinado e achegado na Deputación polo Concello de Guitiriz, non prexudica nin ao interese público nin a terceiros, sustentándose en que o concello non ten presentada conta xustificativa da axuda de referencia, por mor de non ter feito o investimento que é obxecto da mesma.

Así mesmo, faise constar que tendo en conta o establecido na base 19 BPUCC20 o Órgano competente para aceptar a renuncia da axuda integrada no PUCC20 corresponde á Xunta de Goberno da Deputación.



Conclusión:

En cumprimento co establecido nas BPUCC20, a xuízo da informante e á vista do escrito presentado polo Concello de Guitiriz, con data 18/11/2021 e N° RE 2021RT017656, estímase que procede aceptar a renuncia solicitada á axuda integrada no PUCC20, cos efectos que establece o artigo 94 LPAC co fin de evitar que o dito concello poda incorrer nalgunha das responsabilidades previstas na LXS, polo que infórmase favorablemente:

Que se acepte a renuncia á axuda relativa ao/s investimento/s incluído/s no “PUCC20” que se indica/n no cadro:

NÚMERO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
R	REPARACIÓN DE CAMIÑO NO LUGAR DE O BARREIRO – LAGOSTELLE	884,50 €

Que se declare concluso o procedemento inherente á devandita axuda integrada no PUCC20, para o Concello de Guitiriz e polo obxecto e importe que figura no apartado anterior.

Que se notifique o acordo do organismo provincial relativo á aceptación da renuncia á que se refiren os parágrafos anteriores.”

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente ao indicado investimento e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a renuncia á axuda relativa ao/s investimento/s incluído/s no “PUCC20” que se indica/n no cadro:

NÚMERO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
R	REPARACIÓN DE CAMIÑO NO LUGAR DE O BARREIRO – LAGOSTELLE	884,50 €

2º.- Declarar concluso o procedemento inherente á devandita axuda integrada no PUCC20, para o Concello de Guitiriz e polo obxecto e importe que figura no apartado anterior.

3º.- Notificar o acordo do organismo provincial relativo á aceptación da renuncia á que se refiren os parágrafos anteriores.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN AO INICIO DO PROCEDIMENTO DE PÉRDIDA DO DEREITO A DIVERSAS AXUDAS CONTEMPLADAS NOS INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO 2020.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento que se refiere ao investimento do Concello de Vilalba indicado a continuación e que dispón o seguinte:

Nº	Denominación
R	ACONDICIONAMENTO PRAZA EN RÚA DA EMIGRACIÓN

“Apréciase que “non existe actuación por parte do interesado” con respecto ao requirimento enviado ao Concello de Vilalba para que renda a conta xustificativa para acreditar a execución do/s investimento/s que se indican a continuación, incluído/s no PUCC20.

Nº	Denominación
R	ACONDICIONAMENTO PRAZA EN RÚA DA EMIGRACIÓN

Antecedentes:

Na instrución do expediente determináronse como feitos probados que:

Primeiro.- Que na sesión extraordinaria do 02/04/2020 o Pleno provincial acordou a aprobación das BPUCC20, que foron publicadas no BOP Nº 077 de data 03/04/2020. O Pleno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 28/07/2020, acordou prestar aprobación ao PUCC20.



Segundo.- Que a Xunta de Goberno da Deputación, en sesión celebrada con data 09/07/2021 prestou aprobación á solicitude do Concello de Vilalba, acordando incluír no PUCC20 o investimento “Acondicionamento praza en rúa da emigración”, financiado con cargo aos remanentes producidos na adxudicación do/s investimento/s Nº 317, 318 e 319; establecendo ademais que deberá estar xustificado e executado no mesmo prazo que o incluído inicialmente, salvo as prórrogas que no seu caso lle foran concedidas.

Terceiro.- Que na base 18 BPUCC20, apartados 18.1. e 18.2., establécese que os concellos, respectando o prazo sinalado para executar e render conta xustificativa, presentará a dita para cada investimento, indicándose tanto a súa documentación xeral como a específica. A base 18.2 BPUCC20 indica como límite temporal de terminación dos investimentos o 30/09/2021 e de presentación da documentación xustificativa o día 15/10/2021.

Cuarto.- Que en cumprimento da Disposición Adicional Cuarta das BPUCC20, o Servizo de Contratación e Fomento, Unidade de Obras e Plans, con data 05/11/2021 e Nº RS 2021RPS013684, require conta xustificativa ao Concello de Vilalba, para o investimento “Acondicionamento praza en rúa da emigración”.

Quinto.- Que no requirimento practicado indicase que o Concello de Vilalba dispón dun prazo improrrogable de 15 días hábiles, a contar desde o seguinte ao da recepción do requirimento, para que achegue a documentación que conforma a conta xustificativa e que se indica nas bases 18.1. e 18.2. BPUCC20, advertíndolle que, de non cumprir co mesmo declararáselle decaído no seu dereito ao trámite correspondente de emenda da falta de documentación, procedéndose á tramitación do expediente de perda de dereito ao cobro da axuda integrada no PUCC20, e de ser o caso, á tramitación de expediente de reintegro da contía anticipada, así como á esixencia dos xuros de mora correspondentes.

Sexto.- Na data actual non existe actuación por parte do Concello de Vilalba para a rendición da conta xustificativa do dito investimento.

Consideracións xurídicas:

A base 12 BPUCC20: “Natureza xurídica da achega da Deputación Provincial” determina que as aportacións da Deputación teñen a natureza xurídica de axudas integradas nun plan e indica a lexislación que éles de aplicación, en concordancia a normativa básica aplicable ao ámbito obxectivo deste informe está constituída basicamente por: BPUCC20, Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, LXS, RLXS, LSG, OXS, BEOX, LPAC, LRXSP, Real Decreto 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais, lexislación específica en réxime local e demais normas de Dereito Administrativo que directamente ou por analogía puidesen resultar de aplicación.

A base 18.2 BPUCC20 indica os prazos para executar e xustificar os investimentos: “Todos os investimentos deberán estar terminados na data límite do 30 de setembro de 2021 e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse a Deputación na data límite do 15 de outubro de 2021. Excepcional e motivadamente, o concello poderá solicitar unha prórroga para o seu remate no que especificará os motivos e indicará o prazo ata que solicita dita prórroga, que se concederá, no seu caso, mediante acordo da Xunta de Goberno. Dita solicitude de prórroga deberá achegarse á Deputación antes do 15 de setembro de 2021, e non se concederá prórrogas que superen a data do 30 de outubro de 2021, para a execución do investimento e o 15 de novembro de 2021 para xustificación do mesmo. No caso de que as actuacións non puideran ser finalizadas na súa totalidade, a aportación desta Deputación poderá ser proporcional, sempre e cando dita actuación poida ser entregada ao uso público”.

Na Disposición Adicional Cuarta BPUCC20 establécese que: “Transcorrido os prazos de xustificación da achega referente a cada un dos programas, sen presentarse na forma establecida anteriormente, o persoal de cada área xestora tramitará requirimento, por unha soa vez, aos concellos beneficiarios para que no prazo adicional e improrrogable de 15 días hábiles presenten a xustificación conforme a estas bases. O incumprimento do prazo aplicable, vencido o adicional sinalado anteriormente, para a xustificación de cada programa, dará lugar á perda do dereito a percibir a financiación concedida, e por ende, o reintegro da contía anticipada, de ser o caso, así como a esixencia de xuro de mora correspondente dende o momento da achega ata no que se acorde a procedencia do reintegro ou ata a data na que o debedor ingrese o reintegro, si fora anterior a ésta”.





A axuda integrada no PUCC20 non é líquida, vencida nin esixible polo que procede aplicar o artigo 34 LXS que indica que “se producirá la pérdida del derecho al cobro total o parcial de la subvención en el supuesto de falta de justificación o de concurrencia de alguna de las causas previstas en el artículo 37 de esta ley”. Segundo o artigo 89 RLXS, – Pérdida do dereito ao cobramento da subvención –, punto 1, “Producirase a pérdida do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concurrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencions”. Así mesmo, ao abeiro do referido artigo, punto 2, “O procedemento para declarar a procedencia da pérdida do dereito de cobramento da subvención será o establecido no artigo 42 da Lei xeral de subvencions”. Neste caso o incumprimento é o regulado no artigo 37.1.c) LXS “Incumplimiento de la obligación de justificación o la justificación insuficiente, en los términos establecidos en el artículo 30 de esta ley, y en su caso, en las normas reguladoras de la subvención”.

Ademais procede aplicar o previsto no artigo 94.2 RLXS e concederlle ao Concello de Vilalba trámite de audiencia, para que poida examinar e coñecer a totalidade do expediente e decidir sobre a posibilidade de presentar alegacións e/ ou novos documentos; en caso contrario e transcorrido o prazo sinalado, considerárase realizado o trámite.

Será competente para acordar o decaimento do trámite de rendición de conta xustificativa e a pérdida do dereito ao cobro da axuda integrada no PUCC20 (Nº R: “Acondicionamento praza en rúa da emigración”), o órgano concedente da mesma, que aplicando o previsto na base 11 BPUCC20 corresponde á Xunta de Goberno, para a aprobación dos investimentos financiados con cargo aos aforros ou baixas de licitación e por ende ao resto de investimentos incluídos no PUCC20.

**Conclusión:**

Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente:

Que se declare decaído ao Concello de Vilalba, no seu dereito ao trámite consistente na rendición da documentación xustificativa da axuda integrada no PUCC20, para o investimento indicado a continuación, aplicando o previsto no artigo 73.3 LPAC.

Nº	Denominación
R	ACONDICIONAMENTO PRAZA EN RÚA DA EMIGRACIÓN

Que se inicie o expediente de perda do dereito ao cobro do financiamento provincial, previsto no PUCC20 para o investimento descrito no parágrafo anterior, que ascende a 43.804,83 €, en aplicación do estipulado na DA cuarta das BPUCC20.

Que se acorde a apertura do trámite de audiencia e que se notifique ao Concello de Vilalba que dispón dun prazo de quince días a contar dende o día seguinte a este Acordo, para alegar e presentar os documentos que estime pertinente.”

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente ao indicado investimento e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Declarar decaído ao Concello de Vilalba, no seu dereito ao trámite consistente na rendición da documentación xustificativa da axuda integrada no PUCC20, para o investimento indicado a continuación, aplicando o previsto no artigo 73.3 LPAC.

Nº	Denominación
R	ACONDICIONAMENTO PRAZA EN RÚA DA EMIGRACIÓN

**2º.-** Iniciar o expediente de perda do dereito ao cobro do financiamento provincial, previsto no PUCC20 para o investimento descrito no parágrafo anterior, que ascende a 43.804,83 €, en aplicación do estipulado na DA cuarta das BPUCC20.

**3º.-** Acordar a apertura do trámite de audiencia e notificar ao Concello de Vilalba que dispón dun prazo de quince días a contar dende o día seguinte a este Acordo, para alegar e presentar os documentos que estime pertinente.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VALIDACIÓN DO GASTO EN RELACIÓN CON DIVERSAS FACTURAS.**

*Informe- proposta de validación do gasto, do Servizo de Parque Móbil, en relación ca omisión de fiscalización de obrigas fora de contrato polo importe de 5.659,58 euros.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables do Servizo de Parque Móbil, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

ACREEDOR	Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN	CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL
IGNACIO DOCANDO TEIJEIRO	21/03025	30/11/21	5.659.58 €	Subm.pneumaticos para vehiculos e maquinaria do P.Móbil. 2021/FAC-01/003904	SUBM.	Novembro 2021	9201.22111 92021/11490
TOTAL				5.659,58 euros			

Vista memoria xustificativa emitida polo Servizo de Parque Móbil manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se manteñen as condicións do contrato.

Visto informe do Servizo de Contratación e Fomento.

Visto informe de Intervención.

Vista Resolución da Presidencia de data 15/02/2022 na que se aproban que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 5.659,58 € segundo a base 20.2 e 4.c de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a obriga e propondo o pagamento da seguinte factura, por un importe total de 5.659,58 €:

ACREEDOR	Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN	CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL
IGNACIO DOCANDO TEJEIRO	21/03025	30/11/21	5.659,58 €	Subm.pneumaticos para vehículos e maquinaria do P.Móbil. 2021/FAC-01/003904	SUBM.	Novembro 2021	9201.22111 92021/11490
TOTAL							5.659,58 €

TOTAL 5.659,58 €”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INFORME SECTORIAL EMITIDO POLO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS EN MATERIA DE ESTRADAS RELATIVO AO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUCTURAS E DOTACIÓNS ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA ÁS QUINTAS- CERVO (LUGO).**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“En relación co escrito de Rexistro 2021RPE029355 de 20.10.2021, do Concello de Cervo, remitindo solicitude de informe sectorial posterior á aprobación inicial do Plan Especial de Infraestructuras e Dotacións, acondicionamento da estrada ás Quintas-Cervo, visto o informe do Servizo de Vías e Obras de data 24 de febreiro de 2022 que di:

“Antecedentes e obxecto.

Con data 20.10.2021 e Rexistro 2021RPE029355 o Concello de Cervo solicita informe sectorial da Deputación Provincial de Lugo posterior á aprobación inicial do Plan Especial de



Infraestructuras e Dotacións, acondicionamento da estrada ás Quintas-Cervo, indicando que envía un exemplar en formato CD.

O CD que contén o plan recibíuse con posterioridade.

O presente informe ten carácter sectorial de estradas e emítese de acordo ás disposicións contidas na vixente redacción da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG 8/2013).

Fundamentos Legais.

A regulación das vías provinciais debe facerse por referencia á Lei 8/2013 de estradas de Galicia, estando o réxime xeral vixente contido esencialmente nos seguintes artigos:

7. Treitos urbanos.

Para os efectos desta lei, considérase treito urbano dunha estrada aquel que discorre por solo clasificado polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico como urbano ou de núcleo rural cando, neste último caso, conte con aliñacións marcadas no antedito instrumento e aquel fose sometido a informe favorable, conforme esta lei, pola administración titular da estrada.

8. Travesías.

8.1. Para os efectos desta lei, considérase travesía o treito dunha estrada no que, discorrendo por solo clasificado como urbano, existen edificacións consolidadas que formen parte do núcleo de poboación.

23. Coordinación co planeamento urbanístico.

23.2. Nos supostos de redacción, revisión ou modificación de instrumentos de planeamento que afecten ás estradas existentes ou ás actuacións previstas nos plans de estradas vixentes, o concello remitirá, con posterioridade á súa aprobación inicial, o correspondente documento ás administracións titulares das estradas afectadas para que o informen. O informe terá carácter vinculante e deberá ser emitido no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderase favorable.

No caso de ser desfavorable, o informe indicará expresamente, se é o caso, as normas vulneradas.

23.3. Nos treitos urbanos das estradas, o instrumento de planeamento urbanístico determinará a aliñación de edificación, que poderá fixarse, de xeito motivado, a unha distancia inferior á que prevé a lei con carácter xeral para a liña límite de edificación das estradas, valorando a existencia de edificacións continuadas preexistentes, así como a concorrencia de razóns técnicas, socioeconómicas ou de orografía do terreo que poidan aconsellar a redución.

38. Zonas de protección da estrada e liña límite de edificación.

38.4. Nos treitos urbanos das estradas non se establecen nin zonas de protección da estrada nin liña límite de edificación.

#### 40. Delimitación da zona de afección.

A zona de afección está formada por dúas franxas de terreo, unha a cada lado da estrada, delimitadas interiormente polas liñas exteriores da zona de servidume e exteriormente por dúas liñas paralelas ás arestas exteriores da explanación e medidas horizontal e ortogonalmente desde elas, a unha distancia de:

- a) Cen metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóviles.
- b) Trinta metros no caso de estradas convencionais e elementos funcionais.

#### 41. Delimitación da liña límite de edificación

41.1. A liña límite de edificación está situada a ambas as dúas beiras da estrada cun trazado que discorre paralelo ás liñas exteriores de delimitación das calzadas a unha distancia, medida horizontal e ortogonalmente a aquelas, de:

- a) Cincuenta metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóviles.
- b) Quince metros no caso de estradas convencionais. En caso de que unha administración teña aprobado o catálogo da súa rede e no mesmo categorícese funcionalmente as estradas en rede estruturante, rede complementaria e rede local, según o establecido no Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento de estradas de Galicia, a liña límite de edificación estará situada a 15 metros no caso das estradas da rede estruturante e da rede complementaria e a 7 metros para as estradas da rede local.

#### 47. Réxime xeral e competencia.

2. A competencia para autorizar a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección, así como para realizar as actividades de comprobación daquelas suxeitas a declaración responsable no que a lexislación sectorial en materia de estradas refírese, corresponde á administración titular da estrada, excepto na talla de arboledo, que terá que ser autorizada unicamente polo órgano competente en materia forestal, de acordo co disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou norma que a substitúa, previo informe preceptivo e vinculante do órgano competente da administración titular da estrada.

#### Disposición adicional primeira. Edificacións, instalacións e peches preexistentes.

1. Nas edificacións, instalacións e peches preexistentes na zona comprendida entre a liña exterior de delimitación da calzada da estrada e a liña límite de edificación poderanse autorizar, ou



quedarán suxeitas ao réxime de declaración responsable, de tratarse dos usos previstos no artigo 45 bis, no que á lexislación sectorial en materia de estradas refírese, e sempre que quede garantida a seguridade viaria na estrada e nos seus accesos e non se produza cambio de uso nin incremento de volume edificado, por encima ou por baixo da rasante do terreo:

a) Con carácter xeral, as obras de mantemento, conservación e rehabilitación.

b) Excepcionalmente, obras de rehabilitación estrutural, naqueles supostos de interese público ou social, así cualificados.

Por parte da Deputación Provincial de Lugo, o Pleno de 30 de abril de 2019 adoptou o acordo de categorizar a rede de estradas provinciais como Rede Local, para a aplicación da redución da liña límite de edificación establecida pola nova redacción da Lei de Estradas de Galicia, tras a aprobación da Lei 3/2018, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e na que se reduce a distancia da línea límite de edificación de 15,00 m a 7,00 m do borde exterior da calzada, debendo resultar fóra da zona de servidume e a distancia non inferior a 10 m do eixe de trazado da vía con carácter xeral en solo rústico, sen prexuízo da posible redución aplicable nos treitos urbanos da estrada conforme ao previsto no artigo 23 da LEG 8/2013. A adopción de dito criterio foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 07.11.2019.

Consideracións sobre a documentación recibida.

Da análise da documentación recibida, compre salientar:

O ámbito do Plan especial de dotacións e infraestructuras acondicionamento da estrada ás Quintas-Cervo, entronca na estrada provincial LU-P-1508 “Figueirido (N-642)-Paraño-(Sargadelos (LU-P-1505))” no PQ 1+346 na marxe esquerda. Os terreos están clasificados como solo urbano no instrumento de planeamento vixente no concello de Cervo, polo que ten a consideración de treito urbano de acordo coa Lei 9/2013.

O instrumento de planeamento conta con aliñacións definidas en dito vial, adaptándose o trazado proposto no Plan especial a ditas aliñacións.

O Plan contempla a acondicionamento do actual camiño existente entre Quintás e Pintás.

Todas as actuacións a executar dentro da zona de dominio público da estrada deberán contar coa autorización da Deputación Provincial de Lugo, en especial as que afecten á seguridade vial.

Conclusiones.

Por todo o anteriormente exposto, este Servizo de Vías e Obras propón respecto ao documento presentado, e a efectos da Lei 8/2013 de estradas de Galicia no que se refire ás vías de competencia desta Deputación:

1.- Emitir informe sectorial favorable ao Plan Especial de Infraestructuras e Dotacións, acondicionamento da estrada ás Quintas-Cervo.”

Por todo o que antecede, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Emitir informe sectorial de estradas favorable ao documento remitido polo Concello de Cervo do Plan Especial de Infraestructuras e Dotacións, acondicionamento da estrada ás Quintas-Cervo, recibido o 20.10.2021 con número de Rexistro 2021RPE029355.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, AO ALLEAMENTO, POR ADXUDICACIÓN DIRECTA, DA PARCELA NÚMERO 23 DO POLÍGONO INDUSTRIAL “OS ACIVROS”, CONCELLO DE CHANTADA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“En data de 11 de febreiro de 2022, foi presentado un escrito por D. Iñaki Castiñeira Alemany, en representación da empresa Citelfo S.L, mediante o que expón que está interesado na adquisición da parcela número 23, situada no Polígono Industrial “Os Acivros” de Chantada e solicita a súa adquisición por importe de trinta e dous mil euros (32.000,00€) máis IVE. En data de 18 de febreiro de 2022 presenta, de novo, escrito mediante o que rectifica o anterior, indicando que solicita a adquisición da parcela ao prezo de trinta e dous mil oitocentos oito euros (32.808,00€) máis IVE.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión ordinaria celebrada o día 23 de xullo de 2021, acordou iniciar a tramitación do procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial “Os Acivros”, no





Concello de Chantada, mediante poxa, aprobando o prego de cláusulas administrativas reitor deste procedemento, que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia, número 172, de data de 29 de xullo de 2021 e modificado mediante Decreto de Presidencia, de data de 05 de agosto de 2021, ratificado pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en data de 6 de agosto de 2021 e publicado no Boletín Oficial da Provincia, número 182, de data de 10 de agosto de 2021.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión celebrada o día 10 de setembro de 2022, acordou a adxudicación da parcelas do Polígono Industrial “Os Acivros” do Concello de Chantada aos interesados que se presentaron neste procedemento, de acordo co disposto no prego reitor do procedemento.

A parcela número 23 do Polígono Industrial “Os Acivros” no Concello de Chantada ten un prezo de licitación, publicado no Boletín Oficial da Provincia referenciado, de trinta e dous mil oitocentos oito euros (32.808,00€) máis IVE e non foi adxudicada neste procedemento.

O prego de condicións que rexe no procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial “Os Acivros”, no Concello de Chantada, recolle na súa cláusula 20 :

“No caso de quedar vacante o alleamento da parcela, a Deputación poderá acordar a súa adxudicación directa ao mesmo prezo de licitación e coas mesmas condicións e obrigacións”.

Visto o informe emitido pola Sección de Patrimonio, en data de 21 de febreiro de 2022, con CSV IV7C6CZSJBPM2SF64EWBIRIOAA.

Visto o informe emitido pola Intervención, en data de 22 febreiro de 2022, con CSV IV7C6G243E5YZXUISIAWMBPCJY.

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno:

1º.- Aprobar o alleamento, mediante adxudicación directa, da parcela número 23 do Polígono Industrial “Os Acivros”, no Concello de Chantada, a favor da empresa Citelfo S.L por importe de trinta e dous mil oitocentos oito euros (32.808,00€) máis IVE.

2º.- Formalizar o contrato compraventa da parcela número 23 do Polígono Industrial “Os Acivros” no Concello de Chantada, mediante o outorgamento de escritura pública de compraventa, a favor de Citelfo S.L.

3º.- Proceder a dar de baixa no Libro Inventario de Bens desta Deputación Provincial a parcela número 23 do Polígono Industrial de “Os Acivros”, no Concello de Chantada, con referencia catastral 0354815PH0105S0001DF.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**13.- PROPOSTA DE ENCARGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO AO SEU MEDIO PROPIO PERSONIFICADO E SERVIZO TÉCNICO, EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), PARA A REALIZACIÓN DO SERVICIO TÉCNICO DE REDACCIÓN DOS PROXECTOS PARA ACTUACIÓNS DOS ÓRGANOS DE XESTIÓN DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DE MIÑO E OS ANCARES LUCENSES E MONTES DE CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ, CON CARGO AO PLAN PRTR FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA- NEXTGENERATION EU PARA OS ANOS 2022-2023 (ORDE DO 25 DE XANEIRO 2022 DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA PUBLICADA NO DOGA Nº 32 DO 16.02.2022).**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Segundo a memoria técnica do Servizo de Medio Ambiente do 21.02.2022, o obxectivo deste encargo a medio propio é a redacción dos proxectos das actuacións dos órganos de xestión das Reservas da Biosfera Terras de Miño e Os Ancares Lucenses e montes de Cervantes, Navia e



Becerreá, para presentar á convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para actuacións por parte dos órganos de xestión das reservas da biosfera de Galicia con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT724C), publicado no DOGA nº 32 do 16.02.2022.

A Deputación Provincial de Lugo ten, a efectos da Lei 9/2017 do 9 de novembro, de contratos do sector publico (LCSP en diante), a consideración de poder adjudicador, podendo segundo a potestade de auto organización, prevista no artigo 31 da citada LCSP, executar directamente prestacións propias dos contratos a través de entes que ostenten a condición de medio propio personificado segundo o estipulado no artigo 32 da LCSP.

A disposición adicional 24ª da LCSP, establece que a Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E, M.P. (TRAGSA, en diante) e a súa filial TRAGSATEC son medios propios personificados e servizos técnicos da Administración Xeral do Estado, das Comunidades Autónomas, das Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, dos Cabidos e Consellos Insulares, das Deputacións Forais do País Vasco, das Deputacións Provinciais, e estarán obrigadas a realizar, con carácter exclusivo, os traballos que estes lles encomenden nas materias sinaladas nos apartados 4 e 5 desa disposición adicional 24ª da LCSP.

Con base no anterior, TRAGSA é medio propio da Deputación de Lugo, dende a formalización o 17.12.2019 da compra dunha acción da citada entidade.

No punto 4 da citada disposición adicional 24ª da LCSP sinálase que as sociedades do Grupo TRAGSA, prestarán, entre outras, as funcións de realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos, a condición de que non impliquen o exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos e a realización de todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestación de servizos agrícolas, gandeiros, forestais, de desenvolvemento rural, de conservación e protección do medio natural e ambiental, de acuicultura e de pesca, así como os levar a cabo a realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos (...).

Así mesmo, TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC estarán obrigadas a participar e actuar, por encargo das entidades do sector público das que son medios propios personificados, en tarefas de emerxencia e protección civil de todo tipo, en especial, a intervención en catástrofes ambientais ou en crises; a desenvolver tarefas de prevención de riscos e emerxencias de todo tipo; e a realizar actividades de formación e información pública en supostos de interese público e, en especial, para a prevención de riscos, catástrofes ou emerxencias.

No mesmo senso, o Real Decreto 69/2019, do 15 de febreiro, polo que se desenvolve o réxime xurídico da Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) e das súas filial Tecnoloxías e Servizos Agrarios, S.A., S.M.E., M. P. (TRAGSATEC), establece no seu artigo 3, que as Deputacións, entre outros, poderán conferir encargos a TRAGSA ou á súa filial TRAGSATEC sobre os traballos e actividades que, atopándose dentro do marco funcional dos apartados 1, 4 e 5 da disposición adicional vixésima cuarta da LCSP, e do obxecto social das mesmas, precisen para o exercicio das súas competencias e funcións, así como os que resulten complementarios ou accesorios, de acordo co réxime establecido neste real decreto.

As relacións de TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, cos poderes adxudicadores dos que son medios propios instrumentais e servizos técnicos, ten natureza instrumental e non contractual, articulándose a través de encargos dos previstos no artigo 32 da LCSP, polo que, para todos os efectos, son de carácter interno, dependente e subordinado.

Vista a memoria do Servizo de Medio Ambiente do 21 de febreiro de 2022, no cal se informa que:

“(…)

Considerando que a orde de axudas pola cal se rexe a referida convocatoria de axudas foi publicada o pasado día 16.02.2022, e recollendo a devandita orde que as solicitudes de cada Reserva da Biosfera (que deben incluír os referidos proxectos) deben estar presentadas de xeito correcto como máximo no prazo dun mes (é dicir, o prazo de presentación de solicitudes remata o vindeiro día 16.03.2022), polo reducido dos prazos queda acreditada a urxencia deste procedemento.



Por outra banda, debido á acumulación de tarefas que soportan os técnicos deste Servizo de Medio Ambiente, que como é coñecido realiza diversas actividades a nivel provincial ademais da xestión das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses, e tendo en conta a experiencia do medio propio na redacción deste tipo de proxectos, e a devandita urxencia, cómpre a realización do encargo a medio propio baseándose no anteriormente exposto, tanto na urxencia como na necesidade de medios técnicos e materiais adecuados e suficientes.

A maior abastanza, a referida orde de axudas recolle no artigo 9 (“Conceptos subvencionables”), que o IVE non será subvencionable; así mesmo, tamén se recolle na orde que os proxectos presentados deberán reflectir prezos de mercado, e polo tanto, perseguindo a mellor opción dende o punto de vista económico e técnico óptase pola realización do encargo a medio propio, cuxos prezos son de mercado ao estar aprobados pola Resolución do 27 de abril de 2021, da Subsecretaría de Facenda, pola que se publica o Acordo da Comisión para a determinación de tarifas de Tragsa, polo que se actualizan as tarifas de 2019 (BOE nº 102 do 29 de abril de 2021), e do mesmo xeito os prezos do medio propio son de mercado e non están suxeitos a IVE.

(...)”

Visto que se trata dun traballo que presenta unha urxencia xustificada e consta orzamento detallado da Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E, M.P. para a redacción dos proxectos para actuacións dos órganos de xestión das Reservas da Biosfera Terras de Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU para os anos 2022-2023, de acordo coa Orde do 25 de xaneiro 2022 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda publicada no DOGA nº 32 do 16.02.2022, por importe de 14.367,01 €.

Visto que existe consignación orzamentaria para poder ordenar o referido encargo á Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E, M.P.

Proponse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Realizar o encargo ao medio propio para a redacción dos proxectos para actuacións dos órganos de xestión das Reservas da Biosfera Terras de Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

(PRTR) financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU para os anos 2022-2023, de acordo coa Orde do 25 de xaneiro 2022 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda publicada no DOGA nº 32 do 16.02.2022.

**2º.-** De acordo coa certificación emitida por TRAGSA, o importe das prestacións parciais que o medio propio poida contratar con terceiros non excederá do 50% da contía do encargo, sendo a porcentaxe estimada para este encargo dun 20%.

**3º.-** A factura para o pagamento dos traballos encargados expediranse por medios electrónicos, de conformidade co establecido na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público. So se emitirá unha factura ao remate das prestacións que abonarase logo de informe favorable ou conformidade do responsable da encomenda. A facturación efectuarase mediante a presentación dunha factura no que se desagreguen os traballos, tal e como se recolle no orzamento aprobado.

**4º.-** O encargo dos servizos e traballos definidos a TRAGSA non implicará delegación ou renuncia de competencia algunha propia da Deputación Provincial de Lugo.

**5º.-** Para a supervisión, control administrativo e seguimento dos traballos encomendados désignase por parte da Deputación Provincial de Lugo o xefe do Servizo de Medio Ambiente, e por parte de TRAGSA a Emilio José Pardo Álvarez, que poderán ser substituídos polo simple escrito da parte que lles designou.

**6º.-** O presente encargo poderá modificarse de maneira executiva pola Deputación Provincial de Lugo cando resulte necesario para a mellor realización do seu obxecto, nos termos legalmente previstos e sen prexuízo do resarcimento a TRAGSA dos compromisos que puidese adquirir para a súa correcta execución tal como estaba definida con anterioridade á súa modificación.

**7º.-** O presente encargo poderá finalizar anticipadamente por razóns de interese público, mediante resolución da Deputación Provincial de Lugo, sen prexuízo da continuidade daquelas actuacións que se atopasen en execución no momento da resolución, e da súa liquidación.



8º.- Dar traslado deste acordo a Intervención Provincial e ao Servizo de Contratación e Fomento e ao medio propio (TRAGSA).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADMISIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DUNHA ENTIDADE FORA DE PRAZO. (BONO PARA A HOSTALARIA E COMERCIO LOCAL).**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Primeiro.- Co obxecto de frear a crise económica ocasionada pola Pandemia Covid 19, que esta xerando graves estragos na economía, e arrastra a millóns de empresas o peche aumentando de forma considerable as cifras de desemprego no territorio apróbanse na Xunta de goberno de data 30 de abril de 2021 as bases que regulan a convocatoria sendo publicadas no BOP Nº 098 de data 3 de maio de 2021

Segundo.- Iniciada a fase de xustificación por parte das empresas beneficiarias de acordo as bases do programa, coa entrega da documentación establecida no artigo 10, os técnicos da Area de Promoción Económica e Emprego detectan, en termos xerais, que a documentación entregada relativa os tickets de consumo ou facturas do gasto a subvencionar adoecen de erros formais tales como falta de identificación total ou parcial do cliente, falta de desglose dos prezos unitarios , ou do IVE así coma a utilización do nome comercial en vez da razón social entre outros, aínda que o fin que orixina o obxecto da subvención cúmprese. En atención a esta situación decidiuse elevar a Xunta de Goberno un informe coa determinación duns criterios interpretativos. O dito acordo foi tomado pola Xunta de Goberno con data 29 de outubro de 2021.

Terceiro.- Con data 30.12.2021 aprobouse por acordo de Xunta de Goberno, a cuantificación de concesións de subvencións os establecementos adheridos ao programa Bono

Impulso daquelas contas xustificativas presentadas e pendentes de tramitar en aras a manter a dotación orzamentaria e poder incorporala o próximo exercicio, sen prexuízo da cantidade resultante da conta xustificativa.

Cuarto.- Con data 11.02.2022, aprobouse por acordo de Xunta de goberno, o prazo máximo de xustificación e pago da conta xustificativa, acotando o 28 de febreiro de 2022 a efectos de aprobación das contas xustificativas e 31 de marzo de 2022 a efectos de pago acorde os prazos da mencionada convocatoria, que por erro non se detallaron na proposta de data 30.12.21.

Quinto.- No acordo de Xunta de Goberno indicado no punto anterior, acordouse tamén admitir a tramitación da xustificación do gasto e pago do programa a 5 entidades que presentaron a conta xustificativa fora de prazo.

Sexto.- Que con data 14.02.2022, posterior o acordo anterior, a entidade Ana Belén Castro López, con NIF \*\*\*2330\*\*, presentou documentación para a xustificación de 2 bonos por importe de 60€, tendo en conta que a dita documentación foi presentada por propia iniciativa, considerando cumpridos os fines para os que e concedeu a subvención, sen causar prexuízo a terceiros. Neste sentido a entidade atópase nun caso que presenta unha similitude análoga ás entidades aprobadas na Xunta de Goberno de data 11.02.22, admitidas atendendo ao principio de proporcionalidade.

Por todo o anterior, dende a Sección de Promoción Económica e Emprego propónse a Xunta de Goberno aprobar o seguinte acordo:

Admitir a tramitación da xustificación do gasto e pago da subvención en aplicación do principio de proporcionalidade e por similitude o acordo tomado en Xunta de Goberno de data 11.02.22 á entidade Ana Belén Castro López, con NIF \*\*\*2330\*\*. Entidade que presentou a conta xustificativa fora de prazo pero por iniciativa propia, e por considerarse cumpridos os fines para os que e concedeu a subvención e sen causar prexuízo a terceiros pola súa actuación.

Este informe substitúe ao asinado con data 24.02.2022.”





A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO ACORDO A XUNTA DE GOBERNO DE TARIFAS DE PREZOS PÚBLICOS DO SERVIZO DE CATAMARÁNS DAS RUTAS TURÍSTICAS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Turismo onde se sinala a necesidade de modificación dos puntos 2.2 e 2.3 do acordo da Xunta de Goberno da Tarifas de Prezos Públicos do Servizo de Catamaráns das Rutas Turísticas da Deputación de Lugo.

Visto o informe favorable ao texto e a conformidade do Servizo de Intervención.

A Deputada que subscribe, propón, que a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial adopte o seguinte acordo:

1º.- Modificar o texto aprobado, polo que onde di:

(...)

2.2- No caso de grupos de visitantes, aplicaráselle a gratuidade aos seguintes colectivos durante o exercicio das súas funcións e con previa notificación e autorización do responsable do ente xestor das rutas:

Persoal encargado do transporte do grupo.

Guías acompañantes do grupo.

Guías oficiais de turismo, entendidos como tales aqueles profesionais que, debidamente habilitados/as, prestan, de xeito habitual y retribuída servicios de asistencia, acompañamento e información en materia cultural, artística, histórica y xeográfica a los/las usuarios/as turísticos/as nas súas visitas a museos y demais bens integrantes del patrimonio cultural de Galicia.

Persoal docente acompañantes de grupos de estudantes e ou responsables de grupos de estudantes.

2.3.- A persoa que exerza de asistente en casos de discapacidade, no caso que exista necesidades de apoio para a autonomía persoal, previa consulta e conformidade do ente xestor.

(...)

Debe dicir:

(...)

2.2- No caso de grupos de visitantes, aplicaráselle a gratuidade aos seguintes colectivos durante o exercicio das súas funcións:

Persoal encargado do transporte do grupo.

Guías acompañantes do grupo.

Guías oficiais de turismo, entendidos como tales aqueles profesionais que, debidamente habilitados/as, prestan, de xeito habitual y retribuída servicios de asistencia, acompañamento e información en materia cultural, artística, histórica y xeográfica a los/las usuarios/as turísticos/as nas súas visitas a museos y demais bens integrantes del patrimonio cultural de Galicia.

Persoal docente acompañantes de grupos de estudantes e ou responsables de grupos de estudantes.

2.3.- A persoa que exerza de asistente en casos de discapacidade, no caso que exista necesidades de apoio para a autonomía persoal.

(...)

2º.- A aprobación destas modificacións, non supoñen un cambio no cálculo dos custes nin das tarifas aplicables ao servizo de rutas fluviais.

3º.- O resto dos puntos do acordo manterase sen cambios.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



**16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROGRAMA “SABOREA A TÚA PROVINCIA” 2022.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Turismo.

Visto que existe consignación orzamentaria para desenvolver o programa “Saborea a túa provincia”

Resultando que dende o inicio da pandemia da Covid 19, a Deputación de Lugo de conformidade co establecido no artigo 36 apartado d) da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local (LBRL), asume competencias en materia de cooperación e administración dos intereses peculiares no territorio provincial, sen prexuízo das competencias que neste ámbito correspondan ás demais Administracións Públicas.

Asemade, de acordo co establecido no artigo 6º apartado a) da Lei 7/2011, de 27 de outubro, do Turismo de Galicia, as entidades locais de ámbito supramunicipal asumirán competencias no eido da promoción dos recursos turísticos e xeodestinos, segundo a definición contemplada no artigo 23.1, que se determinen dentro do seu ámbito territorial, en coordinación con todos os entes locais afectados e a Administración autonómica.

No marco das competencias sinaladas, unido ao obxecto de dar cumprimento a Axenda 2030 da ONU, a Deputación de Lugo está a desenvolver unha xestión intelixente no tecido produtivo e social da provincia de Lugo, asentado en diversas políticas públicas e estratexias metodolóxicas que, algunhas, toman forma no Plan de Impulso da Economía da Provincia de Lugo (PIEPL).

O PIEPL nace como un instrumento para a loita contra a Covid-19, por iso recolle 10 medidas correctoras e de impulso para a nosa provincia e os seus intereses económicos, sociais,

medioambientais e culturais. O programa Saborea a túa Provincia forma parte dese plan, concretando a liña que promociona e incentiva o consumo dos produtos de calidade e aposta polo *Know-how* lucense. Desta forma, ten por obxectivos prioritarios:

Contribuír á recuperación do sector -hostalería e turismo- facendo de barreira e paliando os efectos adversos provocados pola pandemia da Covid 19 dende marzo de 2020.

Favorecer a reconstrución do tecido empresarial da provincia, impulsando a creación e mantemento do emprego directo e indirecto.

Apoiar e dar visibilidade tanto aos diferentes destinos turísticos como a infraestrutura e servizos que os integran, estimulando os elementos que forman parte da cadea de valor do sector do turismo e da hostalería na provincia de Lugo.

Servir como instrumento de sensibilización das veciñas e veciños sobre o potencial turístico dos 67 concellos da provincia de Lugo e da importancia da preservación do seu legado natural e cultural como elemento que contribúe ao desenvolvemento sostible no eido económico, social e medioambiental.

Dar confianza aos visitantes de que o territorio e os seus recursos conforman un destino seguro, así como mostrar á poboación e empresarios de que a Administración favorece un marco limpo de Covid-19.

Con base no xa sinalado, a Deputación de Lugo -dende a Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo- pretende, pór en marcha o programa Saborea a túa Provincia que presentará as seguintes características fundamentais:

Nace como liña programática centrada no mundo da gastronomía lucense, entendendo o mundo culinario como a suma das peculiaridades naturais da nosa zona, os produtos e os coñecementos e técnicas (*Know how*) tanto do sector primario -agricultura, gandería e pesca- como do sector servizo -cociñeiros/chef-.



A execución do programa será durante o mes de agosto do ano 2022, sempre que as condicións sanitarias así o permitan.

O programa estará vertebrado por diversos contratos administrativos necesarios para a súa execución (coordinación, montaxe, contidos dos eventos, etc...) cun custe total estimado de 100.000 €.

Saborea é unha iniciativa de carácter itinerante pensada para abarcar todo a provincia a través de nove propostas gastronómicas nos que se vai a desenrolar o programa. A estrutura de cada un dos nove eventos, que se celebrarán no mes de agosto, será similar, presentando catro espazos coas súas actividades, a saber:

Concertos, Charlas e Conferencias.

Demostracións culinarias, *Show Cooking*.

Escaparate de promoción de produtos.

Degustación.

Os nove puntos territoriais que acollerán as propostas gastronómicas están pensados para que toda a provincia sítase representada, alternando zonas de costa e de interior, zonas onde priman os produtos lácteos ou legumes, con zonas onde as carnes ou os mariscos/pescados son a base da nosa alimentación; desta forma, a raíz da alimentación, imos xerando un atractivo cara ao turista e os veciños.

Con Saborea, a Deputación de Lugo, ve unha oportunidade de impulsar o Pacto Verde da Unión Europea e a súa estratexia Da Granxa a Mesa, xa que os produtos cos que se traballará son sostibles e representativos da nosa provincia. Como tamén cada proposta gastronómica constitúe unha divulgación de coñecemento do noso *Know-how* onde as técnicas e o saber dos chef ou dos artesáns que elaboran queixos, embutidos, viños e outros produtos.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o programa “Saborea a túa provincia”, tendo en conta as características indicadas, para executar durante o ano 2022 por un importe de 100.000 €”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2022.**

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Vistos os informes da Secretaría Xeral e do servizo de Contratación e Fomento onde se informa favorablemente das bases deste procedemento.

Visto o informe favorable de Intervención.

Polo anteriormente exposto, a Deputada delegada de Cultura propón que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial- se procede- se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar as bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da Provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2022.

**2º.-** Aprobar o gasto correspondente por un importe total de 200.000,00 € (douscentos mil euros).

**3º.-** Aprobar os modelos de solicitude e de conta xustificativa.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**18.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA QUE REXERÁN NO PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2022, DO GASTO E DOS MODELOS DE SOLICITUDE E DE CONTA XUSTIFICATIVA.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Visto que entre as competencias atribuídas pola lexislación do deporte de Galicia, a de réxime local e a lexislación sectorial do Estado ás deputacións, estaría o fomento, promoción e difusión do deporte, así como calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial e tendo en conta a importancia do papel que as entidades deportivas sen ánimo de lucro teñen nesa actuación do fomento da práctica deportiva.

Visto que a actuación que se promove pretende favorecer o labor que desenvolven os clubs e entidades deportivas no campo da promoción deportiva nos distintos niveis de competición e eventos nas diferentes disciplinas deportivas, afondando así mesmo no achegamento da poboación ao deporte.

Vista a documentación obrante no expediente e á vista do informe do Servizo de Deportes.

Visto o informe do Servizo de Contratación e de Secretaría Xeral.

Visto o informe da Intervención.

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar as bases da convocatoria que rexerán no procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos, ano 2022.

2º.- Aprobar o gasto correspondente por un importe total de cincocentos mil euros (500.000,00 €).

3º.- Aprobar así mesmo os modelos de solicitude e de conta xustificativa.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **19.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 774/2021.**

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o Decreto de data 1 de febreiro de 2022 do Xulgado do Social nº 3 de Lugo relativo ao Procedemento Ordinario 774/2021 seguido a instancia de D. Pablo Muiña Rivas fronte a SUPLUSA e fronte á Deputación en materia de recoñecemento de dereito, na que se admite a trámite a demanda presentada e se cita ás partes para comparecer no Xulgado para a celebración do acto do xuízo.

Visto que o Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión extraordinaria do 30 de novembro de 2020 adoptou, entre outros, o seguinte acordo: “Proposta da Presidencia, relativa á aprobación dos acordos adoptados pola comisión liquidadora da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo (SUPLUSA), SUPLUSA en liquidación”, entre cuxos puntos se inclúe “4.- Sucesión universal e cesión global do activo e pasivo: Implica a subrogación da Deputación de Lugo na posición xurídica de SUPLUSA respecto dos dereitos e obrigas dos que esta era titular mediante cesión global do activo e pasivo”.

Visto o anterior, proponse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no procedemento anteriormente referenciado.





2º.- A remisión, de ser necesario, do expediente ao Xulgado do Social nº 3 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento, de ser preciso, de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora necesario.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **20.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 20/2022.**

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Ourense polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo do recurso nº20/2022 interposto por Maderas Paco Cacharolo, S.L. fronte á resolución desta entidade de data 10 de decembro de 2021 pola que se desestima o recurso de reposición interposto fronte ó Decreto de data 20 de outubro de 2021 e fronte á resolución sancionadora de data 19 de agosto de 2021 ditada no expediente ditada no expediente sancionador 1/2021, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso- administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Ourense pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **21.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

*Dación de conta da Resolución nº 41/2022 do TACGAL.*

Dase conta da resolución nº 41/2022 ditada polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do recurso especial nº 6/2022 en materia de contratación interposto D. Germán Limeres López contra a exclusión na contratación dos servizos fotográficos e de apoio a Área de Cultura, Centro de Artesanía e Deseño e Rede Museística, e en cuxo fallo di o seguinte: “1. *Desestimar o recurso interposto por don Germán Limeres López contra a súa exclusión na contratación dos servizos fotográficos e de apoio para a Área de Cultura, Centro de Artesanía e Deseño e Rede Museística, expediente 2021/CON02/0000025 da Deputación Provincial de Lugo.* 2. *Levantar a suspensión acordada no seu día.* 3. *Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.*” A Xunta de Goberno queda enterada.

## **22.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.